

PROXECTO
DOCUMENTAL
INTEGRADO DO
CURSO 2016/2017

O PIÑEIRIÑO

NATURALMENTE

PDI 2016-17

CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

1.2. TEMPORALIZACIÓN

1.3. PARTICIPANTES

1.4. ORGANIZACIÓN

1.5. RELACIÓN CO CURRÍCULO

1.5.1. Competencias clave

1.5.2. Obxectivos

2. OBXECTO

3. DESCRICIÓN

3.1 POSTA EN MARCHA DO PDI

3.2 ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DURANTE O CURSO

3.3 SUPERVISIÓNS DOS PROXECTOS

3.4 PRODUCTO FINAL, EXPOSICIÓN DOS NOSOS PROXECTOS

4-. DOCUMENTACIÓN

4.1-. PROFESORADO:

4.2-. ALUMNADO

5-. TAREFAS

6-. RECURSOS

7-. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

8-. DIFUSIÓN

9-. AVALIACIÓN

10-. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

1. INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Durante anos, o noso centro formou parte, moi activa, do proxecto “ Voz Natura ”, chegando a acadar varios premios polo traballo realizado.

As actividades levadas a cabo durante ese tempo, foron conformando o noso patio como unha zona natural que dispón de máis de **50 especies vexetais**, entre árbores e arbustos, con varios exemplares dalgúns deles; unha **gaiola** na que viven un gran número de **periquitos**; ademais de zonas de **lagoas** onde viven as nosas **tartarugas, peixes, rás e plantas acuáticas**.

Tamén levamos anos criando **vermes de seda e insectos pau** e dispoñemos de dous **acuarios con peixes de auga quente e fría**.

Todo elo imprímelle ao noso centro un selo de identidade característico, relacionado coa a natureza.

O pioneiro destes proxectos e a súa cabeza visible, durante moitos anos foi o profe Xulio. A súa recente xubilación, é unha das principais xustificacións da posta en marcha deste PDI, coa intención de poñer en valor o seu traballo, neste ámbito.

Consideramos tamén, que era unha boa maneira de reavivar unha das características propias do noso centro, o seu entorno natural, tratando de melloralo, na medida do posible.

Ademais, pareceunos unha grande oportunidade para responsabilizar ao noso alumnado do seu coidado ao longo do tempo; o cal leva implícito, un mellor coñecemento das especies das que han de ocuparse, e por tanto, unha potenciación do traballo documental e unha aprendizaxe significativa, posto que está totalmente vinculada á súa vida diaria.

1.2. TEMPORALIZACIÓN

No mes de xuño, preséntanse ao claustro dúas posibles temáticas para o PDI do seguinte curso; por unanimidade, decídese que sexa “ O Piñeiriño, naturalmente” o título do mesmo. Tod@s coincidimos en que a temática de estudo e traballo deste proxecto, forma parte da vida diaria do alumnado e por tanto pode ser sumamente motivadora e significativa.

Tras tomar a decisión, incluímosla nas liñas prioritarias de actuación da biblioteca para este curso.

No mes de setembro, o equipo de biblioteca en coordinación coa xefatura de estudos e cos demais equipos (tic, dinamización lingüística e actividades extraescolares) fan unha distribución do apadriñamento das zonas de patio e, en relación coas mesmas, selecciónanse as especies animais e vexetais que van ser obxecto de estudo de cada nivel, ao mesmo tempo decídese darlle unha dobre vertente ao proxecto e para elo propónse ir creando, unha “galería de arte ao natural”, baseada no estudo de diferentes artistas e da súa obra relacionada coa natureza, tendo sempre presentes os contidos curriculares.

Esta PDI, inclúese na PXA, para desenvolverse ao longo de **todo o curso**.

Planifícase o **inicio** do mesmo no mes de outubro, coa visita sorpresa das “viaxeiras naturalmente” , que, manterán un **contacto constante** a través de cartas e do seu correo electrónico; e volverán o día da paz para **supervisar** a marcha dos proxectos. Fíxanse como **datas límites**, o mes de abril para rematar os traballos de investigación, e o mes de maio para as obras artísticas. Escóllese para o inicio do **acontecemento final**, o cinco de xuño por ser o día mundial do medio ambiente e prolóngase durante toda a semana.

1.3. PARTICIPANTES

Coa noticia da visita das “turistas”, ponse en coñecemento das familias, cal vai ser o PDI deste curso; dende ese momento, recibimos o seu apoio e participación no desenvolvemento do mesmo (aportando información, colaborando nas visitas, apoiando nas saídas e, por suposto participando no acontecemento final).

Un 90% do profesorado, xunto coa totalidade do alumnado (348 nenos e nenas de educación infantil e primaria) tivo unha participación activa e directa na realización deste proxecto, que invadiu a nosa vida escolar e transcendeu a toda a comunidade educativa .

1.4. ORGANIZACIÓN

O Equipo de Biblioteca, en coordinación coa xefatura de estudos e cos equipos de tic, dinamización lingüística e actividades extraescolares, propuxo o tema, tendo en conta a necesidade inminente de involucrar ao alumnado no aprecio, coñecemento e coidado do seu medio natural máis próximo; así como a necesidade de utilizar as diferentes linguaxes como vías de comunicación.

Unha vez que a proposta é aprobada no claustro, inclúese nas liñas prioritarias de actuación da biblioteca escolar para o curso 2016-17 e, logo pasa a formar parte da Programación Xeral Anual do citado curso.

Posteriormente, nas reunións levadas a cabo entre a xefatura de estudos e as coordinadoras dos distintos equipos, establécese:

Reparto das zonas de patio que vai apadriñar cada quen, en relación coas mesmas, selecciónanse as temáticas dos proxectos de aula e nivel e pasan a integrarse nas programacións didácticas.

Establécese a dobre vertente do proxecto (informativa e artística) . Faise un guión sobre o desenvolvemento do traballo informativo e unha achega de posibles artistas que posúen traballos relacionados coa natureza, para que cada quen escolla o seu.

Propóñense datas para os momentos clave do PDI, inicio, supervisión, visitas, saídas, xogo de pistas e acontecemento final .

Todo elo lévase ao claustro para debater e aprobar por consenso, facendo un posterior reparto de tarefas, nas que participaron, dentro e fora do centro, distintos membros da comunidade escolar, e nos que a biblioteca tenta ser un elemento integrador e dinamizador.

1.5. RELACIÓN CO CURRÍCULO

Na elaboración do PDI, tivemos sempre presente o currículo desta etapa, avogando por unha **metodoloxía por proxectos**, xa que consideramos que supón unha estratexia de planificación que reflicte a meta de aprendizaxe perseguida e o plan de acción proposto para alcanzala, e que fai partícipe ao alumnado neste proceso, converténdoo en protagonista da súa propia aprendizaxe e favorece, por tanto, a motivación, a curiosidade, a creatividade e a necesidade de aprender.

1.5.1. COMPETENCIAS CLAVE

Tal como establece o currículo, tratamos de deseñar actividades integradas, que permitiron avanzar en máis dunha competencia e impulsaron no alumnado a capacidade de **aprender por si** mesmos así como o **traballo en equipo**.

Tentamos potenciar un **coñecemento competencial** que integrara o **saber dicir, saber facer e saber ser**. Tendo sempre en conta que as Competencias Clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que supón un proceso de desenvolvemento, mediante o cal o alumnado vai adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso, o noso propósito foi que os nenos e nenas, aprenderan e se desenvolveran nas competencias clave, cada un ao seu nivel:

Conciencia e expresións culturais (CCEC): debido á dobre vertente que quixemos darlle a este proxecto, esta competencia estivo sempre presente no desenvolvemento do mesmo, xa que o alumnado tivo que achegarse a un coñecemento da herdanza artística de diferentes autores e da parte da súa obra relacionada coa natureza. Desenvolveron a súa iniciativa, imaxinación e creatividade para expresarse a través da arte, utilizando diferentes técnicas e materiais(arxila, pintura, colaxe, costura, fotografía...).

Supuxo tamén un traballo colectivo, para crear as diferentes galerías de arte e os grandes murais; o cal desenvolveu habilidades de cooperación e axudounos a apoiar e apreciar as contribucións alleas. Impulsou tamén o interese pola arte como medio de comunicación para compartir coñecementos, emocións e sentimentos e valorar, por tanto, a liberdade de expresión.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): o desenvolvemento desta competencia foi tamén primordial no noso PDI, posto que supuxo un continuo achegamento ao mundo físico e unha interacción responsable co mesmo, tanto de maneira individual como colectiva, coñecendo e coidando a diario os animais e a zona de patio que cada nivel tiña apadriñada e que forma parte da súa vida cotiá. Supuxo tamén un apoio á investigación científica e un impulso ao sentido da responsabilidade en relación co medio ambiente.

Competencia dixital (CD): a realización do proxecto tivo unha base informativa moi importante, que a biblioteca tratou de potenciar en todo momento. Para atender aos coidados básicos de flora e fauna ao seu cargo e realizar os traballos planificados, (follas dos libros, murais informativos, presentacións dixitais, kahoot!.....) o alumnado, coa supervisión do profesorado, tivo que facer unha busca de información, aprendendo a analízala e interpretala para transformala en coñecementos que logo se compartiron coa comunidade escolar.

Aprender a aprender (CAA): Na realización dos distintos proxectos que se desenvolveron, o alumnado foi protagonista da súa aprendizaxe, posto que tomou conciencia dos seus coñecementos previos, así como do que lle interesaba ou precisaba saber, que contidos lle demandaban as tarefas que tiñan que realizar e as estratexias para afrontalas.

O feito de ser os protagonistas das súas propias aprendizaxes, xunto coa relación destas coa súa vida cotiá (aplicándoos aos coidados do seu animal e a súa parcela , ás creacións artísticas e á elaboración de materiais para saídas e visitas), favoreceron a súa motivación, curiosidade e necesidade de aprender, tan importantes no desenvolvemento desta competencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC): Na realización das actividades propostas, o traballo en grupo estivo sempre presente (tanto nos agrupamentos de alumnado das mesmas idades como nas actividades apadriñadas, nas que se mesturaron idades diferentes), desenvolvendo a capacidade para expresar e comprender distintos puntos de vista, comunicarse dunha maneira construtiva, chegar a negociacións e a ser quen de empatizar cos demais.

Por outra parte, esta competencia está presente na esencia do proxecto mesmo, pola gran relación existente entre o coidado da natureza e a súa contribución á procura dun estado de saúde física e mental óptimo.

Comunicación lingüística(CCL): Traballáronse todas as destrezas que a compoñen; a *comprensión escrita*, que consideramos básica como principal vía de acceso aos coñecementos, estivo sempre presente na busca de información a través de textos en diferentes soportes e formatos; a *comprensión oral* mellorou grazas á escoita activa das exposicións dos doctorandos, compañeiros, familiares e do profe Xulio; producíndose tamén unha ampliación do vocabulario específico do tema natural e artístico. A *comunicación oral* foi constante ao longo do proxecto, pero, sobre todo , foi a base do acontecemento final, posto que tiveron que expoñer o proceso e resultado das súas investigacións así como converterse en guías das exposicións artísticas. A *comunicación escrita* desenvolveuse coa elaboración de carteis , invitacións, follas dos libros de árbores e animais do cole, presentacións dixitais etc...

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE): toma especial relevancia polo tipo de traballo que se levou a cabo, fomentando a capacidade creadora do alumnado, realizando obras de arte, no deseño das súas páxinas dos libros, na creación dos seus disfraces, na elaboración dos agasallos para as visitas e na creación de material multimedia,... entre outras actividades; e o seu espírito de iniciativa para crear as súas galerías. Fomentouse tamén a súa capacidade de análise, planificación, organización, xestión e resolución de problemas no desenvolvemento dos seus propios proxectos e no traballo diario de coidado de animais e plantas; impulsado tamén, tanto a súa capacidade de traballo individual como en equipo

1.5.2. OBXECTIVOS

- *Favorecer a alfabetización múltiple.
- *Promover a investigación e o coidado do medio natural e do noso entorno máis próximo.
- *Coñecer e valorar a importancia da natureza para as nosas vidas.
- *Fusionar no mesmo proxecto arte e investigación.
- *Mergullarse no coñecemento da arte e utilizala como ferramenta de expresión do medio natural.
- *Fomentar a curiosidade e a creatividade.
- *Apadriñar unha zona do patio, cada nivel, coidala, e estudar parte da súa flora e fauna.
- *Apreciar a “herdanza” recibida e valorar este selo de identidade do noso cole.
- *Coñecer e dar a coñecer o entorno natural do noso centro.
- * Convidar a persoas relacionadas co centro para que sexan parte do noso proxecto.
- *Compartir con toda a comunidade educativa as nosas experiencias e investigacións, abrindo o noso cole e saíndo nós para levalas polo mundo.



24 de ABRIL data limite para a entrega das investigacións da flora e a fauna



2 de MAIO data limite para a galería de arte

5 de MAIO data limite da entrega das gravacións para o montaxe da reportaxe

Semana do 5-9 de xuño acontecemento final do PDI

2. OBXECTO

Propónse o PDI “O Piñeirño, naturalmente” coa intención de promover investigacións relacionadas coa natureza , en xeral, e có seu entorno máis próximo, en particular (o noso patio), vinculando dunha maneira directa o tema coa súa vida diaria, para favorecer a súa curiosidade e responsabilidade e mellorar a súa relación có medio ambiente. Para o cal se levaron a cabo nas aulas os seguintes proxectos:

*Tartarugas.*Peixes dos acuarios.*Periquitos.* Peixes do estanque.*Insecto pau.*Sapos.*Peixes cebra...


*Xacarandá.*limoeiro.*Iaranxeiro.*Salgueiro chorón*Freixo.*Magnolia.*Brachichito.*Nespereiro.

*Romeu.*Alcipreste.*Cedro.*Bidueira. *Carballo americano.*Nogueira.*Moreira...

Ao mesmo tempo, consideramos de interese, darlle unha dobre vertente ao proxecto, propoñendo que a natureza invadira os nosos corredores a través da arte, promoveuse o estudo da vida de diversos artistas e das súas obras relacionadas coa natureza, dando un gran impulso á nosa creatividade.

Fixéronse indagacións sobre:

Cristóbal Serrano, Marina Cano, Francisco Mingorance, Andoni Canela, Marc Albiac, Iñaki Relanzón José Benito Ruíz, Oriol Alamany, Isabel Díez, Lita Cabellut, Laxeiro, Maside, Vangong, Karla Gerard, Manuel Uhía, Kling, Monet, Kandinsky, e outros.



3. DESCRICIÓN

3.1 POSTA EN MARCHA DO PDI

Unha vez máis, tentamos despertar a curiosidade do noso alumnado sacándoo da súa zona de confort, coa introdución de elementos inesperados.

Iniciamos o noso proxecto recibindo no centro unha **visita sorpresa**. Chegaron ao salón de actos tres representantes do “**Comité de Viaxeiras ao Natural**”. O conserxe entrou nas clases avisando de que había que baixar rapidamente.

Tres mestras do centro transformáronse, nas tres estudosas da natureza, que agardaban no salón para pedir ao alumnado e profesorado a súa colaboración, dispoñían de pouco tempo e desexaban centrar os seus estudos no “**Piñeiriño, naturalmente**”.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/160>

As viaxeiras buscaban información sobre especies animais e vexetais que querían estudar e sabían que se atopaban no Piñeiriño; como non dispoñían de tempo para quedarse, deixaron unhas tarxetas cos nomes científicos de árbores e animais, repartidas por niveis. O alumnado comprometeuse a facer ditos estudos e manter contacto por correo electrónico con **Anisóptera Vulgaris**, **Rosemary Officinalis** e **Belladonna Reticulata** (así se chamaban as viaxeiras) para informarlle da marcha das súas investigacións, para o cal deixaron as súas tarxetas co seu correo electrónico.

O equipo de TIC creou tamén unha conta de correo para cada clase, para utilizala mantendo a comunicación coas estudosas da natureza. Ao longo do curso mantivemos un contacto constante e as viaxeiras sempre acompañaron as súas respostas con pequenas video-conferencias.

<https://drive.google.com/open?id=0B3oYgGqplE31V19CYmQxeWtuOU0>

Recunchos "ao natural". O equipo de biblioteca en colaboración cos demais equipos, puxeron ao alcance de todos material multimedia e crearon zonas especiais cunha selección de material bibliográfico, relacionado co noso PDI “**O Piñeiriño, naturalmente**”, para axudar a que todos os cursos avanzaran nas súas investigacións.

3.2 ACTIVIDADES LEVADAS A CABO

VISITAS RELACIONADAS CO NOSO PROXECTO.

Tivemos a sorte de recibir, no noso centro, visitas que resultaron moi importantes para avanzar cos nosos proxectos.

Visita dos científicos da Facultade de Veterinaria de Lugo : Jeannette e Pablo, dous doctorando da USC que realizan os seus estudos na facultade de veterinaria de Lugo, tiveron un encontro con alumn@s de 6º, no que puideron aprender máis sobre os peixes cebra e os seus traballos, (Jeannette investiga sobre alteracións xenéticas e Pablo sobre o cancro). Mostráronnos como separar os machos das femias e déronnos a oportunidade de facer observacións con eles a través dun microscopio moi especial para poder ver embrións dos peixes. Agasalláronnos cus exemplares de peixes cebra, que agora viven no noso acuario de auga quente. O alumnado de 6º aprendeu todo o necesario para o seu coidado e son os encargados de manter este espazo en perfecto estado.

Para agradecerlle a súa visita @s alumn@s agasalláronnos cunhas cuncas de porcelana que pintaron eles mesmos.

Visita do profe Xulio : que acudiu en varias ocasións ao centro ao longo do curso para transmitirnos os seus coñecementos sobre os coidados dos animais e plantas do cole, e así pasarnos o relevo.

Así mesmo, os equipos do centro decidimos que debía ser a personaxe sorpresa deste curso.

<https://drive.google.com/open?id=0B3oYgGqplE31OW1TS09jb2dXVUE>

Visita de familiares especialistas no tema. Unha vez máis as familias mantiveron o interese polo proxecto e aportaron o seu saber e a súa experiencia para axudarnos a avanzar nas nosas pescudas.

<https://drive.google.com/drive/folders/0B3oYgGqplE31b2VnZ2NldDNGX00>

SAÍDAS RELACIONADAS: fixéronse , entre outras, as seguintes saídas,: o parque natural do noso Concello, a granxa “Apópolis”, a fundación Laxeiro, os museos de Pontevedra...

“A PAZ NO PIÑEIRIÑO,NATURALMENTE” Nesta conmemoración recibimos unha visita moi especial, volveron ao cole as viaxeiras ao natural, que viñan a **supervisar** a marcha dos nosos proxectos de aula, pero ademais traían un cometido moi especial, debiamos facer unha **sementeira para a paz**. Para elo deixáronnos terra, sementes, “pulverizadores agarimosos”, instrucións precisas...e por suposto fixéronnos demostracións de como facelo para que non houbera ningún fallo. Cando medraran tiñamos que agasallalas para que se estenderan polo mundo as sementes da paz, e todas as que quedaran sen plantar, debiamos levalas á rúa para sementalas .

Na súa visita tamén nos faláron de lugares onde a natureza foi destruída pola guerra e deixáronnos unhas preguntas sobre a Paz e un libro moi especial **“ Me llamo Paz”**có que fixemos un traballo de cole, que se pode ver na nosa páxina web.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/138>

“O PIÑEIRIÑO, NATURALMENTE” CELEBROU O ENTROIDO, unindo arte e natureza. Tod@s participamos na elaboración e decoración dos disfraces, deseñando, cortando, pintando con distintas técnicas os nosos traxes...e compoñendo a nosa canción do proxecto “ O Piñeiriño naturalmente”, para saír á rúa e, cantando e bailando xunto coas familias, disfrazados de:

Coidadores da natureza, peixes, periquitos, bolboretas e caracois, plantas, árbores... e levando ben á vista os carteis que cada nivel fixo para o desfile. Tamén puidemos gozar dunha fabulosa sesión de fotos na zona de “fotocoll” de tartarugas e árbores que creamos e decoramos nas semanas anteriores ao desfile.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/140>

MURAI E RECUNCHOS . Realizáronse nas aulas e tamén nos corredores.

“O Piñeiriño, naturalmente” na prensa, recollemos os momentos nos que o noso proxecto foi noticia de prensa, pegando os recortes nunha zona próxima á biblioteca.

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2016/11/09/naturaleza-o-pineirino-experiencia-educativa/1566637.html>

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/2016/11/09/jovenes-guardianes-pineirino/0003_201611A9C4991.htm

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2017/04/20/o-pineirino-naturalmente-completa-compostero/1663642.html>

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2017/04/18/alumnos-colegio-o-pineirino-forman/1662291.html>

Na zona de entrada próxima á biblioteca, elaboramos o **gran mural de “O Piñeiriño, naturalmente”**, no que participaron todas as clases. Nesta ocasión, realizouse sobre tea, combinando **pintura, cosido e fotografía,tres xeitos de facer arte unidos** nun mesmo conxunto. Pintamos unha gran árbore na que fomos colgado as fotografías das especies animais e vexetais que estabamos a estudar, as teas úníronse con **puntadas** e as letras decorámolas **cosendo botóns**, unha actividade de **aprendizaxe-servizos** na que os maiores apadriñaron aos pequenos para traballar xuntos.

“O PIÑEIRIÑO, NATURALMENTE” NA RÚA. Para poder desenvolver esta actividade, pedimos ao **Concello** a súa colaboración; reserváronnos unha zona da “ Praza de Galicia” na que montaron para nós unha carpa, e megafonía. Ata alí trasladamos todo o material necesario, mesas, terra, recipientes, material de xardinería, sementes, xogos realizados por nós etc.... para poñer en marcha a nosa actividade, que se levou a cabo ao longo de toda a mañá.

Previamente, outros grupos ocupáronse de facer **carteis anunciadores** que se levaron aos negocios para poñelos en lugares visibles e informar así da actividade, do día, da hora e do lugar onde se ía realizar;

tamén fixeron **invitacións** para as familias, que responderon con gran entusiasmo acudindo para colaborar e compartir con nós as actividades que tiñamos preparadas .

Na rúa fixemos as seguintes actividades:

- * Xogo de **“CAL É CAL? DE ÁRBORES DO COLE”**, que consistía en emparellar adecuadamente a foto da árbore co nome da mesma. Os carteis ían pegados con velcro a unhas grandes caixas de cartón que reutilizamos e pintamos. Para comprobar os erros e acertos as tarxetas levaban uns distintivos na parte de atrás, de tal xeito que as parellas tiñan o mesmo símbolo, ademais, dispuñan dun **código QR**, así os xogadores asegurábanse dos seus acertos utilizando os seus teléfonos móbiles.
- * Xogando cós **BEE BOTS** a **CANTO SABES SOBRE...?**Para que os xogadores puideran avanzar co bee bot sobre os taboleiros, debían contestar correctamente ás preguntas relacionadas con: **as tartarugas, os sapos, as abellas ou adiviñas da natureza**, e así poder conseguir os puntos necesarios para gañar ao equipo contrario.
- * **SEMENTEIRA SAUDABLE**, mentres tanto outros grupos transmitían ás familias información sobre as sementes que ían plantar xuntos, como facer o proceso de sementado(seguindo o guión que lle deixaran as viaxeiras) e que aplicacións poden ter nas nosas vidas; finalmente cada persoa da familia levaba para a casa o tarro coa súa semente .
- ***XOGOS DE MEMORIA**, reutilizamos tapas de plástico, nas que pegamos fotos de animais e plantas do cole para confeccionar uns xogos de memoria nos que había que facer parellas ou incluso tríos, (para poñelo máis difícil). Tivo unha gran aceptación de público e pasámolo moi ben con el.

Os grupos e as actividades foron rotando ao longo de toda a mañá, e rematamos a xornada cantando e bailando xuntos ao ritmo da nosa **canción“O Piñeiriño, naturalmente”**.(**a súa letra pódese atopar na nosa páxina web**).Tivemos como convidados de honra aos nosos amigos do centro para disminiúdos psíquicos **“Con Eles”**

<https://drive.google.com/open?id=0B3oYgGqplE31bEJ4VDZNVTA4UzA>

XOGO DE PISTAS NO PIÑEIRIÑO, NATURALMENTE, Desenvolveuse por todas as zonas do noso patio e nel participou todo o profesorado e o alumnado do centro . Consta de seis retos que debían ir superándose de un en un, ademais de descifrar os enigmas para descubrir en que zona do patio se atoparía o seguinte reto e poder conseguir así todas as pistas que nos levarían a descubrir quen era a nosa **personaxe sorpresa**. Como non podía ser doutro xeito, nesta ocasión era o **profe Xulio**

ENTREVISTA CO PROFE XULIO, durante varios días todos os cursos do noso centro tiveron un encontro co profe Xulio, cada un na súa zona de patio. Puideron gozar das súas historias e recibir as súas explicacións, dando resposta ás preguntas que lle tiñan preparadas.

<https://drive.google.com/open?id=0B3oYgGqplE31OW1TS09jb2dXVUE>

INDAGACIÓN SOBRE ARTE E REPRODUCCIÓN DE OBRAS ARTÍSTICAS “NATURALMENTE”

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/168>

3.3 SUPERVISIÓNS DOS PROXECTOS

SUPERVISIÓN: durante a visita que realizaron as “naturistas”, o día da paz, puideron facer unha supervisión presencial dos proxectos de cada aula. Ademais, mantívose un contacto constante a través de cartas e correos electrónicos que lles permitiu estar informadas, en cada momento, da marcha dos traballos.

Quedaron tan contentas coas nosas colaboracións que nos dedicaron unha despedida especial, enviándonos un vídeo.

<https://drive.google.com/open?id=0B3oYgGqplE31V19CYmQxeWtuOUU>

3.4 PRODUCTO FINAL, EXPOSICIÓN DOS NOSOS PROXECTOS.

PRODUTOS FINAIS: O noso PDI, constou de dúas fases:

Fase informativa, na que se realizaron investigacións sobre a flora e fauna do cole, que se foron plasmando nos mapas conceptuais e nos murais de aula, para elaborar, posteriormente, as páxinas dos **libros de árbores do Piñeiriño e animais do Piñeiriño.**

<https://youtu.be/yUnYku3Yj94>

https://youtu.be/n_sAvB1ZDJw

Fase artística, na que cada nivel traballou no coñecemento dun artista (pintor, escultor, fotógrafo...) indagando sobre a súa vida e a parte da súa obra relacionada coa natureza, que usamos como fonte de inspiración para crear a nosa **galería de arte ao natural**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/168>

Outros produtos finais, que ademais nos serviron como **ferramenta de avaliación** foron as preguntas elaboradas para os xogos cós bee bots, có kahoot!, os power point de presentación o cal é cal das árbores.....Pódense ver na nosa **páxina web**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/151>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/150>

ACONTECEMENTO FINAL .Constou de **dúas partes:**

Unha na que cada nivel compartiu **cós demais compañeir@s** os produtos das súas investigacións, e outra na que **convidamos ás familias** para compartir con nós unha xornada na que tiveran a oportunidade de:

- visitar as nosas galerías de arte, guiadas pol@salumn@s . Para ampliar información sobre os autores das obras, estas levan un código QR.
- coñecer de primeira man os produtos das nosas investigacións e as nosas liñas de traballo , a través das exposicións orais feitas pol@s nen@s, para as cales se apoiaron en diferentes soportes gráficos e informáticos.
- compartir c@sfill@s os xogos que se elaboraron en relación có PDI (Kahoot!, bee bots, cal é cal?...)
- Rematamos con música e bailes conxuntos.
Escollemos o día 5 de xuño, por ser o día do medio ambiente, para facer a inauguración deste evento que se prolongou ao longo de toda a semana.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/169>

4-. DOCUMENTACIÓN

4.1-. PROFESORADO:

- Elaborouse unha guía para o profesorado coa distribución dos diferentes temas para cada nivel.
- Redactouse un guión como orientación para a realización dos traballos
- Engadiuse na aula virtual do colexio un apartado con diferentes enlaces e informacións para o desenvolvemento dos proxectos de cada aula.
- Fíxose un calendario coa distribución das tarefas programadas para o curso
- Habilitáronse zonas con material específico para o desenvolvemento do PDI
- Redactáronse notas informativas
- Cartas e correos das “naturistas”
- Guías de plantación de “sementes para a paz”
- Realizáronse enquisas e táboas de avaliación

4.2- ALUMNADO

- Tarxetas cós nomes científicos que debían investigar
- Elaboración tarxetas có correo das “naturistas” e cós correos de cada clase
- Cartas e correos das “naturistas”
- Guías de plantación de “sementes para a paz”
- Códigos QR, para o xogo das árbores e obras artísticas
- Deseño da ruta a seguir na busca de información na sección de consulta da biblioteca
- Guías cos pasos a seguir na elaboración dos documentos do proxecto
- Deseño dos patróns para a elaboración dos disfraces de Antroido

5- TAREFAS

Dentro da ampla variedade de tarefas levadas a cabo ao longo do desenvolvemento do PDI destacamos as seguintes:

- Busca e selección de información
- Asembleas expositivas coa información obtida, debate e toma de consenso.
- Busca e selección de información para a realización das obras de arte de Klimt, Kandinsky, Monet, Lita Cabellut, Carmen Romero Díaz, José Benito Ruíz, Isabel Díez, Laxeiro.....
- Organización das galerías de arte.
- Realización de grandes murais colectivos (árbore da vida de Klimt e “O Piñeiriño, naturalmente”)
- Realización de diferentes murais expositivos
- Actividades de traballo colaborativo entre padriños e apadriñados e tamén nos grupos aula
- Exposición dos traballos realizados utilizando diferentes soportes.
- Realización das follas dos libros das árbores e animais do cole
- Utilización de diferentes técnicas plásticas na realización dos murais así como na decoración dos seus disfraces
- Emprego de diferentes programas informáticos para a elaboración de textos, carteis, diapositivas....
- Elaboración dos xogos didácticos, “cal é cal?”, canto sabes de....(beebot), “memorys”, Kahoot!.....
- Realización de diferentes obradoiros coas familias
- Apertura a toda a comunidade educativa das nosas exposicións compartindo con todos unha xornada lúdica e didáctica

6- RECURSOS

Entre os diferentes recursos materiais e humanos dos que dispuxemos no desenvolvemento do PDI destacamos os seguintes:

- Todo o profesorado implicado no mesmo en maior ou menor grao
- Recunchos específicos de arte e natureza, que se montaron en zonas da entrada á biblioteca.
- Documentación de consulta da biblioteca do centro e aportacións das familias
- Direccións e enlaces a diferentes páxinas webs e blogs educativos
- Disposición horaria de acceso os ordenadores do centro
- Aportación de material audiovisual referentes a cada proxecto
Elaboración de vídeos coas actividades realizadas.

7- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Contamos có apoio do equipo directivo, coa participación do 90% do profesorado, así como da totalidade do alumnado, que mantiveron unha motivación constante no desenvolvemento do mesmo.

As familias participaron, aportando material e compartindo actividades como as visitas, as saídas, o desfile de entroido e o acontecemento final. Mostraron en todo momento un grande interese polo proxecto, xogando un papel activo e participativo no desenvolvemento do mesmo.

O Concello colaborou tamén no desenvolvemento de actividades como O PIÑEIRIÑO, NATURALMENTE, NA RÚA, poñendo a nosa disposición o espazo, unha carpa e medios auditivos necesarios para levala a cabo.

Tamén os comercios do barrio e do centro colaboraron con nós, deixándonos poñer os carteis anunciadores uns días antes para difundir a actividade.

E por suposto, contamos coa colaboración constante do mestre Xulio, xa xubilado, que foi unha peza fundamental neste proxecto.

8- DIFUSIÓN

A través da nosa páxina web, difundíuse constantemente información sobre a marcha do proxecto, as actividades que se estaban levando a cabo no centro, visitas, saídas etc.

Tamén nos puxemos en contacto coa prensa local, que publicou noticias sobre algúns acontecementos relacionados có PDI.

Houbo unha comunicación constante coas familias para informalas e convidalas a participar.



A difusión de certas actividades fíxose tamén a través de carteis postos polo barrio e polo centro do pobo

9- AVALIACIÓN

Para manter o PDI como un feito real e vivo, fíxose unha avaliación periódica do mesmo nas reunións do profesorado para comprobar se eran factibles as propostas e valorar a marcha das mesmas por se había que facer algún cambio ou axuste.

Na avaliación xeral do PDI valorouse, **aprendizaxe**, a través da observación directa, do rexistro anecdótico, das rúbricas elaboradas polo profesorado e dos xogos realizados, tendo sempre en conta o currículo.

Participación, que como xa sinalamos foi do 90% do profesorado e da totalidade do alumnado, que foi o protagonista da súa propia aprendizaxe. **Apertura**, o proxecto abriuse á comunidade educativa saíndo polo mundo e invitando ás familias. **Goce** coas actividades realizadas. Elaboráronse enquisas que se pasaron a profesorado, alumnado e familias para valoralas.



Nº	ACTIVIDADE (valorada polo profesorado do 1 – 5)
Nº1	Inicio do PDI (visita sorpresa das viaxeiras)
Nº2	Visita científicos de Lugo
Nº3	Visita do mestre Xulio
Nº4	Visitas de pais/nais
Nº5	Segunda visita das viaxeiras (Día da Paz)
Nº6	Entroido “Ao natural”
Nº7	O Piñeiriño, naturalmente na rúa (Plaza de Galicia)
Nº8	Fase informativa da flora e fauna do cole
Nº9	Fase artística inspirada en obras relacionadas coa natureza

10.-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

A biblioteca escolar foi a impulsora do Proxecto Documental Integrado e tivo un papel primordial no desenvolvemento do mesmo, levando a cabo, entre outras, as seguintes tarefas:
Participar nas reunións semanais de coordinación coa xefatura de estudos e os demais equipos do centro para:

- *Fixar datas clave no desenvolvemento do proxecto.
- *Programar reunións informativas con todo o claustro.
- *Planificar saídas e visitas relacionadas có PDI
- *Organizar acontecementos especiais (inicio, supervisión... acontecemento final.)

Outras funcións da biblioteca foron:

- *Facer unha busca e selección de material bibliográfico e multimedia, relacionado coa natureza e coa arte, e poñelo ao alcance de tod@s, nos recunchos creados para tal fin e na páxina web.
- *Elaborar enquisas para ir avaliando o grao de satisfacción dos participantes no PDI.
- *Manter o contacto entre as “viaxeiras” e as clases, a través de cartas correos e vídeos, para ir supervisando os seus proxectos de aula.
- *Colaborar na formación do alumnado na busca, recollida, selección e tratamento da información.
- *Servir de canle entre o centro e a comunidade propoñendo actividades que involucraran a todos eles.
- *Coordinar todas aquelas actividades de difusión do PDI.

MATERIAL ANEXO

- Vídeos de inicio, seguimento (vídeo conferencias) e despedida do PDI
- Picktochart informativo do desenvolvemento do PDI e datas
- Power point da FLORA, FAUNA, ARTE relacionada co PDI e actividades desenvolvidas
- Entroido Naturalmente
- Sementando Día da Paz . CHÁMOME PAZ
- EXPOSICIÓN dos fotografías relacionados ca natureza
- Vídeo da saída a PRAZA GALICIA
- Entrevista o naturista favorito “XULIO”
- Xornada coas familias
- Revista escolar <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/153>
- Enlaces “ O PIÑEIRIÑO, NATURALMENTE”, na prensa
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=taxonomy/term/72>